

BASES DO CERTAME DE **CARTAS DE AMOR**

REDACCIÓN

- As cartas deben estar redactadas, por suposto, en galego.
- En ningún caso debe aparecer o nome real do/da destinatario/a. Tan só pode aparecer, se cadra, un pseudónimo ou nome ficticio da persoa á que se dirixe..
- Pode ser redactada en prosa ou verso, cunha extensión máxima dun folio DIN A4.
- O acompañamento gráfico é opcional e nunca imprescindible.
- Aquelas cartas nas que o vocabulario, expresións ou acompañamento gráfico non garden un mínimo de dignidade e decoro serán rexeitadas en primeira instancia.
- O seu deseño en canto a color, forma, etc. quedan a criterio da/do remitente.

PRESENTACIÓN

- As cartas poderán presentarse tanto en formato físico como electrónico.
 - NO CASO DA SÚA PRESENTACIÓN EN **FORMATO FÍSICO**:
 - **A carta deberá ser entregada** a un profesor do *Equipo de Dinamización da Lingua Galega nun sobre* (estándar ou de elaboración propia).
 - A fin de poder encadrar o traballo na correspondente sección do certame, no exterior do sobre deberán constar os seguintes **datos**:
 - ✓ Un **pseudónimo** da/do remitente.
 - ✓ **Curso** no que está inscrita/o (de tratarse dun adulto, indicarse esa condición)
 - **No interior do sobre deberase gardar**, ademais do texto da carta, **outro sobre máis pequeno**. No seu exterior figurarán os mesmos datos que os citados para o sobre grande, mentres que no seu interior deberase incluír unha tarxeta co **nome real** da/do remitente (de tratarse dun adulto, indicarse ademais a súa relación co centro).
 - NO CASO DA SÚA PRESENTACIÓN EN **FORMATO ELECTRÓNICO**:
 - **As cartas deberán ser enviadas á dirección de correo** dinamizacion@lestonnacferrol.com, podendo tratarse dun documento de texto/pdf ou achegarse correctamente escaneada ou fotografada.
 - En todo caso, a fin de poder encadrar o traballo enviado na correspondente sección do certame, no correo deberán constar os seguintes **datos**:
 - ✓ **Nome** da/do remitente.
 - ✓ **Curso** no que está inscrita/o **ou relación co centro** (de tratarse dun adulto)

PRAZO

- A **data límite** para a entrega de traballos queda fixada para o **luns 6 de febreiro** de 2023.

CATEGORÍAS

- Establécense **8 categorías** de participación:
 - I.** Educación Infantil
 - II.** 1º ciclo de Educación Primaria
 - III.** 2º ciclo de Educación Primaria
 - IV.** 3º ciclo de Educación Primaria
 - V.** 1º ciclo de Educación Secundaria
 - VI.** 2º ciclo de Educación Secundaria
 - VII.** Categoría Especial
 - VIII.** Adultos

XURADO

- Un **xurado** composto por membros do *EDLG* será o encargado de seleccionar aos gañadores, reservándose a posibilidade de declarar deserto algún dos premios do certame. A súa decisión será inapelable.
- A súa **resolución** farase pública ao longo do 23 de febreiro, **Día de Rosalía**.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- A organización resérvase o dereito a facer público o contido das cartas gañadoras mediante unha ou varias das seguintes opcións: exposición nun taboleiro do colexio ou espazo público do mesmo, lectura nos actos da festividade das Letras Galegas, inclusión en algunha das publicacións do centro (revista ou blog)...
- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases arriba expostas.

Animádevos e participade!

Que a Candeloria vos axude e vos ilumine.